

## **BASES DO IV CERTAME DE PINTURA RÁPIDA O AR LIBRE VILA DE CEDEIRA**

1ª. - Poderán participar neste certame tódolos/as artistas que o desexen. Cada autor só poderá presentar unha obra e non poderá asinala ata o momento no que se coñeza o ditame do xurado.

2ª.- O estilo e a técnica serán libres, a súa temática xirará en torno á paisaxe, e o espazo físico no que se realicen debe ser no entorno que abrangue o Paseo Marítimo, a Praia da Magdalena, o Paseo da Mariña, zona do río Condomiñas, Rúa da Area Longa e o Porto de Cedeira. A execución será directa, diante do motivo ou do modelo natural.

3ª. - As inscricións realizaránse no Posto de turismo e información situado na Praza da Marieta o propio día do certame no momento do selado dos soportes e serán gratuítas. O certame terá lugar o día 19 de agosto de 2018.

4ª. - Cada participante levará o material que poida necesitar e considere necesario para desenvolver o seu traballo, incluído (de ser posible) o seu cabalete onde se expoñerá a súa obra posteriormente.

5ª. - O soporte non superará as medidas de 100 x 81 cm., e presentarse o día do certame de 9:00 a 10:00 h. da mañá no Posto de turismo e información situado na Praza da Marieta para ser selado.

6ª. - O tempo para presentar as obras rematará ás 17:00 horas e realizarase no control establecido na Praza Roxa (sala Áncora), onde se coñecerá o ditame do xurado ás 18:00 horas. A partir dese momento os autores dos cadros non premiados poderán poñer á venda as súas obras, asinándoas e poñéndolles na parte traseira o seu importe. Esta exposición ao aire libre prolongarase ata as 20:00 horas. O xurado que avaliará as obras está composto por profesionais das artes plásticas e representantes do Concello, sendo os seus membros os seguintes:

Presidente: Adrián Taracido, pintor-  
escultor. Vogal: Jesús Carballeira  
Secretaria: Jane Danko

7ª. - As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Concello de Cedeira, así como os dereitos de reprodución.

8ª. - Os premios, que estarán suxeitos á retención fiscal establecida, serán:

- 1º. - 800€ e diploma
- 2º. - 600€ e diploma
- 3º. - 500€ e diploma

9ª.- Os/as premiados/as deberán solicitar o pago do mesmo, que se fará por transferencia bancaria, aportando certificado de conta bancaria a nome da persoa premiada, a partir do luns 20 de agosto, no rexistro do Concello de Cedeira ou por sede electrónica.

9ª.- Para calquera consulta sobre algún pormenor da actividade deberán poñerse en contacto co número 680 473 273.

10ª. -A participación neste certame implica a aceptación total das presentes bases.